



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en datas 11 de xullo e 16 de novembro de 2017, á vista das solicitudes de reavaliación formuladas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, **considera pertinente**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a actualización do ditame de inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

CARBOXIMALTOSA DE HIERRO

Na indicación de tratamento da anemia por deficiencia de ferro en pacientes que precisen altas doses de ferro, nas seguintes situacións clínicas

- **Anemia en insuficiencia cardíaca severa**, en pacientes con:
 - hemoglobina <13 g/dl en varóns, e <12 g/dl en mulleres e,
 - ferropenia: ferritina <100 mcg/L, ou 100-300 mcg/L se o índice de saturación de transferrina <20% e,
 - descompensación cardíaca e/ou renal
- **Anemia en enfermidade inflamatoria intestinal moderada-grave**, en pacientes cunha situación laboral/académica que impida frecuentes visitas ao hospital
- **Anemia ferropénica precirúrxica**. Nesta situación clínica, deben cumprirse as seguintes condicións:
 - **Pacientes anémicos de prioridade 1** (pacientes cuxo tratamento cirúrxico, sendo programable, non admite unha demora superior a 30 días, segundo o *Real Decreto 605/2003, de 23 de mayo, por el que se establecen medidas para el tratamiento homogéneo de la información sobre las listas de espera en el Sistema Nacional de Salud*)
 - Utilizarase no ámbito dunha **consulta de anemia preoperatoria** e estará suxeito a elaboración e implementación dun **protocolo de diagnóstico e tratamento** de anemia ferropénica precirúrxica, e

Para o resto de situacións clínicas, poderá utilizarse este medicamento na indicación de tratamento da anemia por deficiencia de ferro cando se cumpran todos os seguintes requisitos:

- os preparados de ferro oral sexan ineficaces, e
- pacientes que precisen altas doses de ferro intravenoso (> 500 mg), e
- paciente que presenta dificultades para acudir ao hospital para cumprir as doses necesarias con ferro-sacarosa (traslado en ambulancia) ou necesidade de preservar a vía venosa por estar en malas condicións ou mal acceso venoso

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Abad Vías



Comisións de Farmacia e Terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

